

Vilagarcía de Arousa, 21 de maio de 2011

De: Equipo de catequistas e cura párroco.

A: Pais ou titores.

Asunto: Excursión-festa final do ano catequético 2010-2011.

Benqueridos fregueses:

Di o noso refraneiro popular "Santa Rita trae a Galicia o verán". E cumprese unha vez máis esta sabedoría cultural. Arrecende a primavera e nas parroquias, como nos colexios e outras institucións, "arrecende" tamén a "final" e a "meta". Son semanas de moita actividade, tamén na nosa comunidade parroquial. Parece que foi onte cando dabamos o tiro de saída, alá en Setembro, e xa estamos en Xuño. As festas patronais en A Nosa Sra. da Xunqueira e as de S. Pedro de Fontecarmoa xa están á vista (finais de Xuño). Proximamente teremos as Confirmacións e xa estamos a preparar o campamento parroquial de finais de xullo. Este ano é moi significativo, xa que cumprimos o 25 aniversario de acampadas. E entre tanta ocupación, exames e proxectos para o verán, queremos como xa é costume, pechar o curso catequético cunha excursión para os nen@s da catequese. Será o vindeiro domingo 19 de xuño ás terras e augas de A Coruña (Muros, Carnota, Cee e Corcubión). A excursión quere ser un día de festa e celebración, de convivencia e amizade, despois dun ano duro de traballo e esforzos compartidos. Este ano tamén puxemos o GPS cara Fisterra.

O verán é un bo momento para desconectar e repoñer forzas. Neste sentido, as catequistas téñeno ben gañado: domingo a domingo, de modo desinteresado e xeneroso, fan un papel impagable e máis nestes tempos bonitos pero tamén difíciles (medio mundo está durmido os domingos cando elas están "dando el callo"). Grazas, por suposto, a vós, os pais, pola vosa complicidade e corresponsabilidade coa nosa comunidade. Que Deus vos bendiga.

Lembrámosvos xa, finalmente, algúns datos e datas de interese:

- O vindeiro 19 de Xuño, domingo, teremos a excursión- festa final de catequese, por augas e terras das Rías Altas. As 9,30h. teremos a misa e xusto despois, sairemos. Regresaremos aproximadamente ás 9 da noite. Traede bañador, sombreiro, comida e 7€ como axuda para os gastos da excursión.
- Os rapaces que van ao campamento de verán, estade atentos os domingos aos avisos na misa (estade con cobertura).
- As inscricións de catequese para o vindeiro curso 2011-12 recolleranse a partir do domingo 11 de Setembro.
- A catequese dará comezo, de novo, o domingo 25 de Setembro.

Graciñas e bo verán.

Delegadas de catequistas:



O voso párroco:



Nós, os pais autorizamos a nos@ fill@ que está no curso da catequese a participar na excursión que organizarán as parroquias de A Nosa Sra. da Xunqueira e S. Pedro de Fontecarmoa o vindeiro 19 de Xuño de 2011 por terras e augas de A Coruña.

O noso teléfono é

En Vilagarcía de Arousa, _____ de _____ de 2011.

Pai / Nai / Titor : (DNI)